

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/12/2021 8:56:47

SAIDA 19807/21

Reclamante [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 131/2021**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 8 de setembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de decembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 8 de setembro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada ante a Consellería de Facenda e Administración Pública, de acceso á relación dos participantes do concurso de traslados F2019 convocado pola resolución do 25 de novembro de 2019, da Dirección Xeral da Función Pública (DOG do 27/11/2019), que non renunciando antes da publicación do baremo provisional (16 de xullo de 2021), figuren con cero puntos no momento da publicación do baremo.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude, que tiña como finalidade comprobar que non se incluía a ninguén que non se deba incluír, vulnerando a concorrència competitiva.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 14 de setembro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Consellería de Facenda e Administración Pública para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 17 de Setembro de 2021.

Terceiro.- A Consellería de Facenda e Administración Pública, con data do 13 de outubro de 2021, remite copia do expediente e o informe solicitado.

No informe, en resumo faise constar que por Resolución do 25 de novembro de 2019 (DOG núm. 226, do 27 de novembro) convocouse concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes de Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por Resolución do 22 de xuño de 2020 ábrese o período de presentación de solicitudes de elección de postos de traballo e de xustificación da posesión de méritos e requisitos.

Por Resolución do 13 de xullo de 2021 da Dirección Xeral da Función Pública, fanse públicas as puntuacións provisionais das persoas participantes admitidas no concurso. De acordo coas bases da convocatoria, os datos reflectidos no impreso de conformidade ou na certificación serán os que teña en conta a comisión de valoración do concurso para a adxudicación dos postos de traballo solicitados e calquera impreso de conformidade ou certificación que non reúna os requisitos ou que fose enviado pola persoa interesada fóra do prazo establecido, terase por non presentada, agás no suposto establecido no último parágrafo da base VI.2. referido a xustificación de que solicitou en prazo a certificación.

Como consecuencia, ás persoas participantes que non remitiron á Dirección Xeral da Función Pública o impreso de conformidade cos datos da ficha de persoal ou a certificación de datos emitida polas unidades certificadoras non se lles valorou ningún mérito ou requisito e figuran con cero puntos na baremación provisional. A presentación dun ou outro destes documentos é requisito indispensable para a consideración dos méritos das persoas participantes no concurso convocado.

De acordo coa base VIII.4 da convocatoria, coa publicación da resolución do 13 de xullo abriuse o prazo de 10 días hábiles para presentar reclamacións ata o 30.07.2021 e á data de emisión do informe, se están a revisar máis de 500 reclamacións á baremación provisional.

De acordo co anterior, estase a solicitar o acceso a unha información que aínda esta en proceso de elaboración, dado que a lista que contén a puntuación provisional dos concursantes pode experimentar cambios significativos na súa configuración actual por mor das numerosas reclamacións que se teñen presentado, polo que o interesado terá dereito ao acceso á información solicitada no momento en que se atope definitivamente elaborado, o

que non terá lugar ata que non se resolvan todas as reclamacións presentadas e sexa publica a lista definitiva.

A documentación que solicita será proporcionada nun momento posterior e con tempo suficiente para que, de estimalo convinte, poida facer uso dela en defensa dos seus intereses.

Cuarto.- Con data do 14 de outubro, remitíuselle o informe da Consellería ao interesado, para que en prazo de dez días, remitise as alegacións ou documentación que mellor conveñan ao seu dereito.

Quinto.- Con data do 5 de novembro de 2021, o interesado presenta escrito de alegacións no que en síntese manifesta que solicitou a información de todas aquelas persoas que participando no concurso de traslados e non renunciando antes da publicación do baremo (16 de xullo de 2021) figuren con 0 (cero) puntos no momento de publicación do mencionado baremo.

Considera que a súa solicitude está acotada no tempo e que é un tempo pasado, polo que non pode experimentar ningún cambio nin significativo nin non significativo, posto que calquera cambio será posterior ao día 16 de xullo de 2021 e polo tanto a súa solicitude trata dunha información definitivamente elaborada e non desexa a información definitiva, senón na data pedida.

Sexto.- En sesión celebrada o 30 de novembro de 2021, pola Comisión da Transparencia acordouse solicitar á dita Consellería informe complementario no que se faga constar se o reclamante participa no referido concurso de traslados, e ten por tanto a condición de interesado e se o baremo provisional do dito concurso foi obxecto de publicación, ou pola contra, unicamente se deu acceso aos participantes no mesmo á súa puntuación.

Sétimo.- Con data do 3 de decembro de 2021, a Consellería de Facenda e Administración Pública remite informe no que fai constar que o reclamante é participante no concurso de traslados de administración xeral convocado por Resolución do 25 de novembro de 2019 e que no Diario Oficial de Galicia núm. 135, do 16 de xullo de 2021, publicouse a resolución pola que se fan públicas as puntuacións provisionais das persoas participantes admitidas no concurso.

De acordo con esta resolución as puntuacións provisionais das persoas concursantes admitidas publícanse no portal web corporativo da Dirección Xeral da Función Pública á que poden acceder as persoas concursantes e ver os postos aos que foron admitidos e excluídos, a súa puntuación en cada un deles, a súa situación na orde de prelación respecto a cada posto e a puntuación dos demais participantes desagregada por cada un dos apartados computables.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Facenda e Administración Pública non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou acceso á relación dos participantes dun concurso de traslados, información que debe considerarse como información pública. A Consellería remitiu informe no que fai constar que a información solicitada, é información que está en proceso de elaboración, por canto se están a resolver as reclamacións presentadas contra a baremación provisional, que poden variar a dita baremación.

De acordo co informe remitido pola Dirección Xeral de Función Pública a requirimento da Comisión, o reclamante é participante no concurso de traslados sobre o que solicita acceso a determinada documentación e o procedemento de concurso, atópase en tramitación no momento de presentación da solicitude de acceso á información e da presentación da reclamación ante esta Comisión pola falla de resolución expresa.

Neste sentido, tal e como se manifestou por esta Comisión en anteriores pronunciamentos sobre a materia que agora nos ocupa, cabe lembrar que, aínda que a teor do artigo 13 en relación co artigo 12, a Lei 19/2013 recoñece o dereito dos cidadáns para acceder a información pública en mans dos organismos e entidades incluídos no seu ámbito de aplicación -artigo 2-, non é menos certo que dita norma indica na súa Disposición adicional primeira parágrafo primeiro, que a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo.

Respecto á aplicación da dita Disposición Adicional, deben cumprirse unha serie de requisitos para que poida apreciarse a súa concorrencia como un motivo de inadmisión: primeiro, debe existir un específico procedemento administrativo aplicable ao caso, segundo, o reclamante debe ser interesado no mesmo e terceiro, o procedemento debe estar en curso. Analizando estes requisitos na actual reclamación, debe concluírse que, na data na que se realiza a solicitude, concorren no caso que nos ocupa, dado que, por unha banda, o procedemento de provisión de postos de traballo sobre o que se solicitou acceso a documentación se atopa en curso, e o agora reclamante ten a condición de interesado, segundo informa a Dirección Xeral competente, polo que por estes motivos, procede a inadmisión da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único.- Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 8 de setembro de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada ante a Consellería de Facenda e Administración Pública, de acceso á relación dos

participantes do concurso de traslados F2019 convocado pola resolución do 25 de novembro de 2019, da Dirección Xeral da Función Pública (DOG do 27/11/2019), que non renunciando antes da publicación do baremo provisional (16 de xullo de 2021), figuren con cero puntos no momento da publicación do baremo

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.12.23 08:30:53 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.